

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 28/11/2019 7:59:39

SAIDA

12813/19

D. Miguel A Delgado González, en
representación da Plataforma en Defensa
del Sector Marítimo Pesquero de Galicia
(PLADESEMAPESGA)
R/Juan Castro Mosquera 28, 2º dereita
15005 A Coruña

Expediente **RSCTG 170/2019**

Estimado Sr.:

Acuso a recepción do seu escrito que tivo entrada nesta institución o día 25 de novembro, de reclamación ante a Comisión de Transparencia de Galicia contra a Resolución do 18 de novembro de 2019, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) pola que se estima parcialmente a súa solicitude de acceso á información pública referida a distintos aspectos económicos e organizativos da entidade, que deu lugar ao expediente **RSCTG 170/2019**, ao que lle prego faga sempre referencia nos posteriores escritos que dirixa sobre este asunto, sendo o Secretario da Comisión da Transparencia, Santiago González Serrano, a quen se poderá dirixir para coñecer a situación e a valoración do seu expediente.

A fin de axilizar os trámites, e segundo o establecido no art. 22 da Lei 19/2013¹, poño á súa disposición un correo electrónico no que poderá remitir tanto a documentación, que se lle requira como a que considere necesaria para a tramitación do expediente (reclamacions@comisiondatransparencia.gal)

No caso de que o solicitara, remitiráselle unha copia do seu escrito na que figurará o rexistro de entrada na institución.

Con esta mesma data solicitarase á correspondente Administración a remisión de copia do expediente administrativo e emisión de informe sobre a reclamación presentada.

Indícolle que de conformidade coa disposición adicional primeira da Lei 19/2013, no caso de que exista unha normativa reguladora específica de acceso á información, será esta a que deba aplicarse a aqueles que teñan a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso para a obtención dos documentos que se integren no mesmo, polo que no caso de que a administración indique a existencia dun

¹ Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

procedemento administrativo específico procederase á inadmisión da reclamación presentada.

En relación á instrución do seu expediente indícolle que corresponde á Presidencia da comisión designar a persoa que elabora a proposta de resolución e elevar as propostas de resolución á Comisión. Igualmente, indícolle que a preparación do despacho dos asuntos e a dirección dos traballos administrativos da Comisión son funcións da Secretaría da Comisión².

Por último, indícolle que a resolución destes expedientes faise por estrita orde de entrada, e poderá vostede seguir as resolucións desta comisión no seguinte enderezo: <http://www.comisiondatransparencia.gal/es/resoluciones-comision-da-transparencia/>

Un atento saúdo,

76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ
(R: 56500009C)

Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: 56500009C)
Fecha: 2019.11.27 16:11:02 +0100

M^a Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia

² Regulamento interno da Comisión da Transparencia de Galicia publicado nos DOG nº 134, do 15 de xullo de 2016 e DOG nº 234, do 9 de decembro de 2016.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento: Comisión de Transparencia de Galicia. **Encargado do tratamento:** Secretario da Comisión da Transparencia. **Finalidades do tratamento:** Rexistro e xestión de procedementos de reclamación ante a Comisión de Transparencia de Galicia. **Base xurídica:** Cumprimento dunha obriga legal. **Periodo de conservación dos datos:** indefinido. **Cesións de datos:** Aos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 1/2016, cando sexa necesario para a tramitación e resolución da reclamación. **Exercicio de dereitos:** As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través do Rexistro do Valedor do Pobo (Rúa Hórreo 65, 15701, Santiago de Compostela) ou do correo electrónico transparencia@valedordopobo.gal. **Delegado de protección de datos:** santiago@valedordopobo.gal